

CONTEXTO HISTÓRICO  
E CULTURA MATERIAL EN LUGO



IV XORNADA DE DIVULGACIÓN  
CIENTÍFICA DO PATRIMONIO  
ARQUEOLÓXICO LUCENSE

Museo  
Provincial  
de Lugo

25 de  
xuño de  
2021





#### IV XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE



### CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURA MATERIAL EN LUGO



Moi a principios do século V, os perentorios problemas do tardío Imperio Romano vense incrementados coas chamadas invasións bárbaras, migracións de grupos de pobos de orixe xermánico que penetran nos territorios imperiais. A duras penas o Imperio Romano de Occidente conseguirá contelas mediante o esforzo bélico nuns casos ou cos pactos diplomáticos noutros. No 409, algúns destes pobos –vándalos, alanos, suevos e visigodos-, penetran en *Hispania*. Tras un breve período de enfrontamento entre eles, conseguen mediante acordos delimitar os seus territorios.

Desta maneira fúndase no Noroeste peninsular, esencialmente sobre a *Gallaecia* romana, o primeiro reino medieval de occidente baixo mando suevo con capital en Bracara Augusta (Braga). Na súa época de máximo esplendor o seu dominio abarcará a metade occidental de *Hispania* para concentrarse posteriormente en *Gallaecia* e a franxa setentrional hispánica. O seu establecemento e desenvolvemento non será fácil. Convivindo inicialmente co Imperio Romano, ata a súa desaparición no 476, a existencia do reino suevo, do 409 / 411 ao 585 verase ensombrecida por continuos conflitos de tipo interno e externo con permanente estado de garda contra outros pobos asentados en *Hispania*. Ao final, estes problemas acabarán co reino suevo, vixente durante pouco máis dun século e medio, ante o empuxe dos visigodos. A escaseza das fontes documentais contemporáneas, polo demais moi concisas, así como dos achados arqueolóxicos, con elementos igualmente escasos aínda que moi singulares, caso de *Lucus Augusti*, e polo demais inmersos nun mar culturalmente hispano romano, dificultan o coñecemento deste período dotándoo de trazos “escuros” e pouco definidos ata época recente.

Con todo, e de aquí esta xornada, este período merece a súa reivindicación, en canto a que o reino suevo, primeiro reino hispano e de occidente, xunto co posterior dominio visigodo, supoñen o tránsito da tardo / baixa romanidade ao altomedievo, constituíndo esta lapso unha etapa pouco estudada e/ou coñecida.

**Venres, 25 de xuño de 2021**

**Lugar:** Salón de Actos da Deputación de Lugo

**Prazas:** en función do aforo e das medidas sanitarias e previa inscrición gratuíta por rigorosa orde de entrada.

**Formulario de inscrición** na web [www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org)

**Entregarase diploma acreditativo** de asistencia á xornada (8 horas lectivas) Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións

**Organización:** Museo Provincial de Lugo

**Dirección e coordinación:** Aurelia Balseiro García [direccion@museolugo.org](mailto:direccion@museolugo.org)

**Comité organizador:** Encarna Lago, Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta e M.ª Ofelia Carnero

**Secretaría técnica:** Enrique Alcorta e Mª Ofelia Carnero (Dpto. de Arqueoloxía do MPL)

**Colaboracións:** USC Campus de Lugo – Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

## PROGRAMA

### 1.ª PARTE

**9:30 h** Acreditación asistentes

**10:00 h** Presentación oficial

**10:15 h** *Trocando espadas en rellas de arado: un achegamento á historia e o legado do reino suevo-galaico*  
**Carlos Baliñas Pérez.**  
Dr. Historia Medieval e Profesor da USC. Campus de Lugo

**11:00 h** *As elites bárbaras a partir das evidencias materiais: os suevos*  
**Jorge López Quiroga.**  
Dr. en Historia Medieval (Universidad París IV-París, Sorbona). UAM.

**Natalia Figueiras Pimentel.** Historiadora da Arte, conservadora e restauradora. UCM.

**11:45 h** Pausa

### 2.ª PARTE

**12:15 h** *Bens culturais de tradición xermánica no Museo Provincial de Lugo*  
**Aurelia Balseiro García.**  
Museóloga e directora do MPL.

**13:00 h** Mesa redonda moderada por **Aurelia Balseiro**, composta polos anteriores relatores e **Pablo Núñez Meneses**, Dr. en Historia Medieval, especialista en Numismática, que nos introducirá na moeda sueva e **Ana E. Goy Diz**, Catedrática da USC, no eremitismo dos vales do Miño e do Sil durante a Alta Idade Media, para a continuación abordar: *O papel da investigación histórico arqueolóxica na divulgación científica dos séculos V-VII: estratexias de comunicación e transferencia do coñecemento.*

**14:00 h** Debate coloquio

**17:00 h** Visita técnica explicativa no Museo Provincial de Lugo\* (planta 1.ª sección de Prehistoria e Arqueoloxía) á exposición divulgativa sobre a cultura material de tradición xermánica conservada no MPL a cargo dos técnicos do Departamento de Arqueoloxía do MPL: **Enrique Alcorta e M.ª Ofelia Carnero.**

(\*presencial ou en liña dependendo das normativas sanitarias)


Clausura



IV XORNADA DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA  
DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO LUCENSE



CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURA MATERIAL EN LUGO



<b>Nome</b>	<b>Apelidos</b>	
<b>DNI</b>	<b>Centro de traballo</b>	
<b>Enderezo postal</b>		
<b>Localidade</b>	<b>Código Postal</b>	<b>Provincia</b>
<b>Enderezo electrónico</b>	<b>Teléfono de contacto</b>	
<b>Asdo.</b>	<b>Lugo</b>	<b>de 2021</b>

**Modalidade preferente de asistencia á xornada:**

**Presencial**

**On line**

Prazas limitadas  
**PRESENCIALMENTE**  
a 25 persoas, por rigorosa orde de recepción de solicitudes.  
Prazo de inscrición:  
do 11/06/2021 ao 24/06/2021.  
Coa confirmación da inscrición enviarase un link/enlace para participar on line na xornada.  
Deberá remitir esta solicitude de inscrición debidamente cuberta ao Rexistro xeral da Deputación de Lugo (presencial ou telematicamente).

**Desexo recibir información sobre as actividades realizadas pola Rede Museística Provincial.**

**Si Non**


Museo Provincial de Lugo.  
Praza da Soidade, s/n, 27001 Lugo. Tfno 982 242 112

A inscrición nesta xornada implica a autorización do solicitante á entidade organizadora do uso de imaxes na mesma xornada con fines de difusión e comunicación.

Para os efectos de cumprir a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos que os datos facilitados a través deste formulario serán incluídos nos nosos ficheiros coa finalidade de realizar a inscrición nesta xornada.

En ningún caso serán cedidas a terceiros.

O/A usuario/a poderá exercer os seus dereitos de cancelación, rectificación e de oposición, no que atinxa aos seus datos de carácter persoal, mediante escrito dirixido á Deputación Provincial de Lugo a través do seu Rexistro xeral.



Con motivo da **IV Xornada de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense**, continuamos coa finalidade de establecer canles de comunicación coa sociedade a través da transversalidade dos museos, fomentando o debate e actualizando contidos arqueolóxicos, estimulando e educando patrimonialmente a comunidade a través do coñecemento e da dinamización sociocultural e resaltando o noso patrimonio coa súa identificación e visibilidade expresa.

## **OBJECTIVOS CONCRETOS**

- Abordar o contexto histórico e a cultura material desta etapa do noso pasado no tránsito da tardo/baixa romanidade á Alta Idade Media no Noroeste peninsular.
- Visualizar estratexias de difusión e divulgación científica para un correcto coñecemento desta parte do noso patrimonio.
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social a nivel local.
- Afondar na divulgación do mundo suevo como o primeiro reino medieval de occidente.

# CONTIDOS/RESUMOS

## **Trocando espadas en rellas de arado: un achegamento á historia e o legado do reino suevo-galaico**

O obxectivo da nosa exposición será tentar de avaliar a importancia que a presenza sueva e a creación dun reino xermánico no N.O. peninsular tiveron na historia de Galicia. Deste xeito, analizaremos o contexto do asentamento dos suevos en territorio galaico, a xénese do reino de Braga, o papel dos xermanos, indíxenas e eclesiásticos na conformación deste espazo político e na xeración dun novo marco social e o que supuxo o período suevo para a primeira conformación do concepto xeográfico e político de Galicia como entidade diferenciada no conxunto da península Ibérica.

## **As elites bárbaras a partir das evidencias materiais: os suevos**

No marco desta intervención, a partir das evidencias materiais coñecidas, presentaremos as elites bárbaras, en concreto aquelas que as fontes clásicas denominan como suevos, tendo como fío condutor un tipo de rexistro no que é posible visualizar a súa presenza: o mundo funerario. É, precisamente, estudando as inhumacións das elites bárbaras como podemos observar a inoperancia de esquemas interpretativos demasiado estáticos e apriorísticos, á vez que excesivamente simplistas. Aqueles que coñecemos como suevos, desde as súas áreas de asentamento en centroeuropa en época alto-imperial romana ata a súa chegada á *Gallaecia*, a comezos do século V, conforman unha destas elites bárbaras (de marcado carácter militar) que, en función de determinados elementos distintivos do seu rango (como é o caso da súa vestimenta e/ou os depósitos e/ou enxovais funerarios), evidencian, realmente, unha sintonía e unha sinerxía común a todos os bárbaros e, en boa medida, ás propias elites romanas. A influencia romana, occidental, e sobre todo oriental, é particularmente evidente cando se analizan arqueometricamente os seus obxectos máis luxosos, tanto no que respecta ás técnicas de fabricación, como ás vías, canles de transmisión e a súa distribución.

## **Bens culturais de tradición xermánica no Museo Provincial de Lugo**

Baseándose nos bens culturais conservados na sección de Arqueoloxía/Historiados MPL, preténdese analizar a cultura material atopada no noso país en relación con paralelos europeos así como as sinerxías existentes entre o mundo tardoantigo e o suevovisigodo. Dentro das producións de obxectos metálicos, neste contexto cultural e cronolóxico, separamos unha produción sacra de uso eclesiástico ou función relixiosa como a patena de Sarria e unha produción civil relacionada co enxoval de uso individual vinculado ás elites locais, como os adornos da vestimenta: broche de Baamorto e as xoias: o anel de Ranosinde e o pendente áureo.

## **Mesa redonda O papel da investigación histórica arqueolóxica na divulgación científica dos séculos V-VII: estratexias de comunicación e transferencia do coñecemento.**

Despois dunha introdución sobre a moeda sueva, por parte de Pablo Núñez, e do fenómeno relixioso exemplificado na Ribeira Sacra, por parte de Ana E. Goy Diz, e dentro dos obxectivos marcados nestas xornadas do MPL, a mesa redonda, composta polos anteriores relatores, aos que se lles suman estes dous recoñecidos investigadores coa presentación/moderación de Aurelia Balseiro, trata de ofrecer distintos puntos de vista sobre a rendibilidade sociocultural da investigación patrimonial a través de experiencias concretas, de proxectos en desenvolvemento, programas de investigación e difusión, etc. para avanzar desde os recursos presentes ou a situación actual ata a visualización de estratexias de futuro. Ademais de coñecer a importancia e significado do mundo suevo, tamén se pretende fomentar a participación das persoas que asisten e a implicación da comunidade baseándonos nos obxectivos marcados na xornada.

## CURRÍCULOS DOS CONFERENCIANTES

### CARLOS BALIÑAS PÉREZ

Naceu en León o 8 de marzo de 1961 nunha familia de docentes e reside na actualidade en Lugo.

Datos académico-profesionais: É Profesor Titular de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela, con destino na Facultade de Humanidades de Lugo. Doutor en Historia (Historia Medieval) pola USC, leva vencellado profesionalmente á universidade compostelán dende 1987. Foi Bolseiro de Iniciación á Investigación da Xunta de Galicia, Profesor-Tutor da UNED e *British Academy Visiting Professor* na Universidade de Birmingham (Reino Unido). É profesor do IV Ciclo no Campus de Lugo dende os seus inicios, impartindo cursos de Historia de Galicia e Historia Medieval.

Liñas de investigación e publicacións máis relevantes: O seu campo de investigación prioritario é a Historia Social da Galicia Altomedieval (anos 700-1100), tendo como liñas subsidiarias o estudo da paisaxe histórica, a proxección social do urbanismo medieval na cidade de Lugo e as orixes do artellamento territorial de Galicia. É autor dos libros *Defensores e Traditores: un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedieval (718-1037)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988; *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)*, Santiago de Compostela, Coordenadas, 1992; e *Gallegos del año Mil*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 1998. Así mesmo, é co-editor da colección de estudos *Sub Urbem: Historia, sociedade e cultura da cidade*, Santiago de Compostela, Publicacións da USC, 2012. Ten publicados preto de 30 artigos sobre temas da súa investigación en galego, castelán e inglés en revistas e obras de conxunto nacionais e internacionais, así como traducións de obras históricas do inglés ó español.

Cargos académicos e distincións: Ten sido Secretario e Vicedecano da Facultade de Humanidades de Lugo (2000-2003) e Coordinador do Programa de Doutoramento de Humanidades da USC.

É *Corresponding Editor* para a Península Ibérica da revista especializada *Early Medieval Europe* e asesor científico para diversas publicacións académicas. É Socio de Número da "Sociedad Española de Estudios Medievales". Desde xuño de 2007 a decembro de 2017 foi vogal da Comisión Provincial de Patrimonio Histórico de Lugo da Xunta de Galicia en representación da USC.





## JORGE LÓPEZ QUIROGA



Doctor en Historia Medieval (Universidad de París-Sorbona, París IV, 1997), en Geografía e Historia (Universidad de Santiago de Compostela, USC, 1997) y Doctor Europeo (USC). Desarrolla su labor docente e investigadora en la Universidad Autónoma de Madrid desde el año 2002; habiendo sido anteriormente Asistente en la Universidad de París IV (París-Sorbona) (1990-1995), Profesor de Historia Medieval en la Universidad de La Rochelle (1997-1999) y de Historia Antigua en la Universidad de Alcalá de Henares (1999-2002). Antiguo Miembro de la Casa de Velázquez (Escuela de Altos Estudios Hispánicos) y becario de la Fundación Alexander von Humboldt, entre otras diversas becas de investigación post-doctorales. Ha sido profesor invitado en diversas universidades europeas y americanas. Director, entre 2004 y 2008, de la "Misión Arqueológica Española" en *Conimbriga* (Portugal) y "Explorer Research Grant" de National Geographic. Es también profesor Asociado en la Universidad Federal de Río de Janeiro (Brasil); Miembro de la "Sociedad Nacional de Anticuarios de Francia", con sede en el Museo del Louvre (París); Miembro Asociado del Centro "Michel de Boüard" (Centro de Investigaciones Históricas y Arqueológicas Antiguas y Medievales, CRAHAM-Universidad de Caen-CNRS). Ha dirigido, como investigador principal una veintena de proyectos científicos nacionales e internacionales. Es autor de cerca de una veintena de monografías, como autor, editor y/o coordinador, así como más de un centenar largo de artículos, capítulos de libros y publicaciones en Actas de Congresos Científicos Nacionales e Internacionales. Fue, además, comisario de la exposición "*In Tempore Sueborum. El tiempo de los Suevos en la Gallaecia (411-585). El primer reino medieval de Occidente*".

## NATALIA FIGUEIRAS PIMENTEL



(Ourense 1976) Investigadora, Docente, Historiadora del Arte, Conservadora-Restauradora de Patrimonio Histórico- Artístico, Técnico Superior en Artes Plásticas y Diseño y Fotógrafo profesional. Especialista en Caracterización de Materiales histórico-artísticos, Expertización de obras de Arte, Estudio Multiespectral de Obras de Arte, Analítica de laboratorio y Arqueometría. Comisaria de Exposiciones. (Dirección) Ágora. Arte y Patrimonio.

Formación académica: Universidad de Santiago de Compostela, Universidad Politécnica de Valencia, Universidad de Valencia, Universidad de Zaragoza, EASD Escuela Superior de Arte y Diseño Antonio Faílde y actualmente Universidad Complutense de Madrid donde realiza su Tesis Doctoral en Historia del Arte.

Funda y dirige el primer y único Centro Técnico de Conservación y Restauración de Patrimonio de Galicia, el CTSM (Centro Técnico San Martín para la Conservación y Restauración de los Bienes Culturales de la Diócesis de Ourense) para el Obispado de Ourense (Fundación Santa María Nai) en 2007. Ha sido miembro de ICOMOS España hasta marzo de 2021 y actualmente es miembro del patronato y Vpdt. De la Fundación Moreiras San Pedro de Rocas.

## PABLO NÚÑEZ MENESES

Nacido en 1985. Reside en Láncara (Lugo).

Formación Académica: 2013-2017: Doctor en Historia. USC.  
2009-2012: Máster en Numismática. FUNED. 2012.  
Máster en Humanidades (DEA Humanidades. USC. 2010)  
Máster Profesorado (CAP en Historia. USC. 2009)

Publicaciones: *Hallazgos monetarios medievales de Galicia* (2019), *Moneda medieval gallega, catálogo comentado* (2018), *Jubia, Catálogo especializado*. Coautor con D. Casal Fernández (2017), *Hallazgos inéditos de moneda medieval en Galicia. Cuadernos de Estudios Gallegos*. (2016), *Hallazgo de Ordes del Museo Provincial de Lugo. XV Congreso Nacional de Numismática* (2016), *Subida de la vida en el reino castellano-leonés tras el cambio monetario del sueldo de oro al sueldo de plata. ¿Mito o realidad?* (2015), *La moneda lucense de la caetra* (2014), *Hallazgos y circulación de la moneda sueva* (2014), *¿Economía natural o monetaria en la Galicia de los siglos VIII al XI?* (2013), *Perspectiva religiosa de la numismática* (2011).

Asociaciones: Presidente de ANVAR. Miembro de ANE. Miembro de CFNF. Miembro de AENP. Responsable de NN y Silicua.



## ANA E. GOY DIZ

Catedrática de Historia del Arte de la Universidad de Santiago de Compostela. Profesora de la Facultad de Humanidades de Lugo y de Geografía e Historia de Santiago. Profesora de la materia de Desarrollo local y Patrimonio Cultural en el Máster en Servicios Culturales de la USC y de Legislación y Patrimonio en el Máster Interuniversitario en Xestión de Patrimonio Artístico y Arquitectónico, Museos y Mercado da Arte. Sus principales líneas de investigación son la arquitectura del Renacimiento y del Barroco en Galicia y sus relaciones con Portugal e Iberoamérica, el arte monástico, así como en el estudio del Patrimonio Cultural gallego y del Patrimonio Mundial.

En relación con estas líneas de investigación ha dirigido diversos proyectos de investigación europeos, nacionales o autonómicos todos ellos relacionados con el Patrimonio Cultural. Ha trabajado en la delimitación del Camino Francés a Santiago en las provincias de A Coruña y Lugo (1992-1993); ha coordinado y dirigido los expedientes para la inclusión de la Torre de Hércules (2008) y de la Ribeira Sacra (2015-20) en la lista de Patrimonio Mundial. Ha dirigido el plan director (2009) y el plan de gestión (2012) de la Torre de Hércules. Ha participado en los planes directores de la Catedral de Lugo y del Monasterio de San Martín Pinario (Santiago de Compostela). Ha dirigido los proyectos de musealización del Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL) y del Centro de Atención y Recepción de Visitantes de la Torre Hércules así como de las Cámaras Interiores de la Torre. Ha coordinado la red de investigación *Patrimonio Cultural: Servicios históricos y científicos*. Es directora del Centro de Estudios de Historia de la Ciudad de la Universidad de Santiago. Es miembro del Comité Territorial de Patrimonio de la Xunta de Galicia, es miembro del Foro Patrimonio y Sociedad del Observatorio de Patrimonio del Consello da Cultura Galega. Es Académica de las Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA) y de la Real Academia de San Rosendo. Es vicedecana de la Facultad de Humanidades. Ha publicado libros de autoría individual o compartida, ha participado en congresos nacionales e internacionales y ha publicado artículos en algunas de las revistas más prestigiosas del ámbito de la Historia del Arte. Ha completado su formación con la realización de estancias de investigación en las universidades de Braga, Porto, Lisboa, La Sapienza de Roma y Granada así como en las universidades mexicanas de la UNAM de México DF, de la Benemérita Universidad Autónoma de Puebla y de la Universidad Iberoamericana.



## AURELIA BALSEIRO GARCÍA

Licenciada con grao en Xeografía e Historia pola USC coa especialidade de Museoloxía (1985-1990). DEA (1993).  
Investigadora especializada no campo da ourivería prerromana.

Casi cen publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos e conferencias relacionadas coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, o arte, os artistas, os museos, etc. e libros sobre ourivería castrexa: *Oro prerromano en la provincia de Lugo* (1994); *Diademas prerromanas de oro. Análisis iconográfica y simbólica de la diadema de Ribadeo / Moñes* (2000). *O Torques de Burela. A xoia do noso patrimonio* (2013). Co autora e editora científica de *A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018).

Directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008, onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, de coleccións (documentación e investigación) e de exposición.



## ENRIQUE J. ALCORTA IRASTORZA

Graduado pola Universidade de Deusto en 1982 e doutor en 1997 pola de Santiago de Compostela coa tese *Cerámica común romana de cociña e mesa de Lucus Augusti*.

No apartado profesional, as súas primeiras escavacións remiten ao Poboado da Hoya, (Laguardia, Álava) e Forua (Gernika, Bizkaia), campamento romano de *Aquae Querquennae* (Bande) e Castro de Saceda (Cualedro) ambos na provincia de Ourense.

Desde 1986 céntrase na cidade de *Lucus Augusti* (Lugo) onde participou como colaborador ou director en numerosas intervencións arqueolóxicas. Destes traballos nacen diversas memorias de resultados, así como artigos detallados ao redor de problemas construtivos da muralla romana que cingue a cidade e á análise da CCR exhumada na mesma, temas dados a coñecer tamén en congresos e xornadas de estudo.

Desde o ano 2004 traballa no Departamento de Catalogación, sección de Arqueoloxía e Historia, do Museo Provincial de Lugo, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.



## M<sup>a</sup> OFELIA CARNERO VÁZQUEZ

Licenciada en Xeografía e Historia, coas especialidades de Arte Antiga e Medieval e en Museoloxía, pola USC (1982-1988). Técnica do departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL, onde traballa desde o 1990, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.

Membro fundador do equipo de investigación etnográfica "Chaira", dedicado o estudo da literatura oral popular en Galicia, e como tal coautora dos libros *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Relatora en diferentes Xornadas pedagóxicas e Cursos de Arte Galega do MPLugo. Outras publicacións nas que participou son *Maruja Mallo, la gran desconocida de Galicia* (1995), *Arqueoloxía: 1990-2005/* (2010), *A Plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011) e *A Colección de Ourivería Antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018)



# EXPOSICIÓN NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

## CULTURA MATERIAL DE TRADICIÓN XERMÁNICA

**Lugar:** sección de Prehistoria/Arqueoloxía do MPL (sala 9, 1.ª planta)

**Contido:** material divulgativo e explicativo sobre a cultura material de tradición xermánica de procedencia lucense conservada neste museo. A través de paneis con textos actualizados, fotografías, debuxos, etc., documéntase unha escolma de datos e hipóteses ao respecto destes senlleiros restos materiais, tendo como base as recentes investigacións realizadas e a súa relación coa época tardorromana. Ademais de sinalar, especificamente, as pezas da exposición estable de arqueoloxía, escollidas para esta mostra, amosanse en vitrinas temporais outros bens non expostos acotío, vinculados co tema tratado.

**Material expositivo:** 4 paneis autoportantes, susceptibles de préstamo externo posterior á mostra realizada con motivo da xornada divulgativa e pezas en vitrinas.

**Comisariado:** Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta, M.ª Ofelia Carnero

**Duración:** xuño-xullo do 2021

**Obxectivo:** complementar a xornada e divulgar esta parte do noso patrimonio como un corpus único relacionando e contextualizando os bens amosados.

**Resumo:** Do amplo e variado patrimonio arqueolóxico custodiado no MPL poñemos en relevo nesta mostra a cultura material adscrita aos s.s. V-VIII. Con esta escolma de pezas pretendemos contextualizar o mundo suevo para contribuír ao seu coñecemento e tamén ao recoñecemento desta parte da historia de Galicia, reivindicando a súa importancia e transcendencia como o primeiro reino medieval de occidente. A exposición artéllase en base a un panel introdutorio e outros dedicados á ourivería (*De re auri*), á produción metalúrxica (*De re metalica*) e a produción pétreo/cerámica/relivaria (*De re varia*) que nos amosan unha rica cultura material derivada dunha sociedade complexa e heteroxénea con reminiscencias tardorromanas adaptadas ás tradicións xermánicas.





## **Museo Provincial De Lugo**

Luns a venres: de 09:00 a 21:00 h

Sábados: de 10:30 a 14:00  
e de 16:30 a 20:00 h

Domingos e festivos:  
de 11:00 a 14:00 h

Pechado os días:  
1 e 6 de xaneiro,  
Martes de Entroido (festa variable),  
22 de maio (Sta. Rita),  
24, 25 e 31 de decembro.

Entrada gratuíta

Praza da Soidade s/n,  
27001 Lugo  
Tfno: +34 982 242 112

[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)  
[www.redemuseistica.org](http://www.redemuseistica.org)

**É necesario cumprir as  
«Normas de concordia en  
prol da saúde colectiva»**

